



RESUMO DOS ACORDOS TOMADOS NA XUNTA DE GOBERNO DO 14.01.2026

A Xunta de Goberno, na súa última sesión do 14.01.2026, tomou os seguintes acordos:

1. **Altas, baixas e cambios no censo de colexiación.** Aprobouse un cambio de colexiación de exercente residente a exercente non residente; un cambio de exercente a non exercente; e unha baixa de non exercente.
2. **Informes de honorarios.** Aprobáronse 31 informes de honorarios para taxacións de custas (todos de materia bancaria, sobre procedementos de nulidade de condicións xerais de contratación). Estes 31 informes correspóndense a solicitudes dos xulgados que tiveron entrada no colexio a finais do mes de setembro de 2025.
3. **Solicitud de amparo colexial e renuncia á designación de oficio.** Tramitouse unha renuncia e concedeuse o amparo colexial a un letrado da quenda de oficio ante as ameazas, coaccións e injurias recibidas por parte dun solicitante de xustiza gratuíta.
4. **Escritos de colexiados/as.** Tramitáronse e atendéronse varios escritos de letrados e letradas da quenda de oficio en relación cos seguintes asuntos:
 - Negativa a entregarlles a copia dos atestados nas dependencias policiais. Na xunta de goberno anterior tomouse xa o acordo de formular unha queixa ante a comisaría por esta problemática. Así mesmo, valorouse manter unha reunión coa comisaria e cos xulgados de instrución para procurar unha solución.
 - En atención a varias solicitudes de letrados/as do servizo de garda, acordouse estudar a posibilidade de realizar o pagamento das gardas de forma individual, isto é, aboar as asistencias unicamente a aqueles avogados/as de garda que as realicen (ata agora faise unha repartición entre o total dos letrados/as).
 - Horarios dos xulgados de garda. Acordouse reiterar aos xulgados de garda a necesidade de prestar o seu servizo durante toda a xornada (tamén en horario de tarde).
5. **Solicitud de mediación do artigo 59.2.a) do EXAE.** Tramitáronse e atendéronse dúas solicitudes de mediación do artigo 59.2.a) do Estatuto xeral da avogacía española, requisito necesario con carácter previo ao inicio dun procedemento xudicial por responsabilidade civil contra outro avogado/a.
6. **Dilixencias de información previa.** Resolvéronse 5 expedientes de dilixencias de información previa a partir das denuncias formuladas por clientes contra os seus avogados/as. As cinco queixas foron arquivadas ao non observarse ningunha infracción deontolóxica nas actuacións profesionais.
7. **Solicitudes de cambio de avogado/a (art. 21 bis da LAXG).** Tramitouse unha solicitud de cambio de avogado segundo o artigo 21 bis da Lei 1/1996 de asistencia xurídica gratuíta, a cal foi arquivada ao non ser procedente o cambio solicitado.
8. **Reunión do decano coa xuíza decana de Santiago.** O noso decano informou da reunión mantida coa xuíza decana de Santiago de Compostela para abordar a problemática da posta en funcionamento da nova organización dos tribunais de instancia e do novo xulgado comarcal de violencia de xénero. A xuíza decana informounos de que se está a elaborar o novo organigrama e que a Amtega está a traballar nos cambios informáticos correspondentes no programa de xestión xudicial.



CIRCULAR INFORMATIVA 1/2026

en Lexnet. Por parte do colexio mostrouse a nosa preocupación pola repercusión que poida traer a aplicación de todos estes cambios na xestión diaria dos procedementos e solicitouse a realización de reunións periódicas para abordar os problemas que poida ir xurdindo.

Tan pronto como o Xulgado Decano nos achegue o organigrama definitivo, será remitido a todos os colexiados/as.

9. **Xornada sobre o recurso de casación.** A xornada “Recurso de casación: dúbidas e certezas”, que fora programada para o pasado 21 de novembro e que tivo que suspenderse por indisponibilidade do relator, será reprogramada para o 5 de febreiro. Proximamente remitirase aos colexiados/as toda a información cos horarios.